

Consello Galego de Universidades: Plan de financiamento das Universidades de Galicia. 2005-2010.

Finalizada a vixencia do último acordo de financiamento 2000-2003, onde o financiamento destinado ao gasto corrente tomaba como referencia o número de créditos matriculados en cada titulación, calculando o custo asociado a cada crédito segundo o grao de experimentalidade da titulación respectiva, o novo acordo de financiamento estará baseado na consecución dunha maior calidade das universidades galegas.

O novo Plan de financiamento terá unha vixencia de seis anos: 2005-2010, o que pode considerarse un horizonte razoable e un bo escenario temporal para acadar os obxectivos previstos no mesmo e coincidente co programa de converxencia no sistema europeo de educación superior.

O plan deberá proporcionar ó Sistema Universitario de Galicia un financiamento suficiente para permitir a súa adecuada integración no Espazo Europeo de Educación Superior que se está a construír, e esixirá, polo mesmo, un renovado esforzo por parte das universidades a prol da calidade e da xestión eficiente dos recursos que lle son asignados, así como a súa implicación decidida no desenvolvemento de Galicia e no servizo das necesidades reais que esta sociedade ten plantexadas.

Nesta liña da busca da mellora da excelencia docente e investigadora, por primeira vez inclúese un fondo específico de calidade que atende a varios aspectos para melloralas.

Así mesmo, tratando de conseguir a converxencia interna do Sistema Universitario Galego, introdúcese no plan un fondo de nivelación que repercutirá directamente nas universidades da Coruña e Vigo.

ACHEGA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA Ó FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES

1.- A principal achega da Comunidade Autónoma ó financiamento das universidades realizarase a través dos seguintes fondos diferenciados:

a) Fondo de Financiamento incondicionado.

A súa contía inicial, para o ano 2005, é de 229.496.382 euros, cantidade resultante de aplicar un incremento dun 7,77% á transferencia incondicionada recibida no presente exercicio de 2004. Á cantidade recibida pola Universidade da Coruña en 2004 engadíuselle a cantidade de 1.700.250 euros que lle foran detraídos para financiar unha obra encargada á Sociedade Pública de Investimentos.

A evolución deste financiamento básico durante a vixencia do presente acordo (2005-2010) será a taxa de variación dos ingresos non financeiros do orzamento consolidado, excluídos os que corresponden á participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado.

b) Fondo de calidade

Este bloque componse de:

- Financiamento de calidade de docencia e investigación, a través dos complementos retributivos autonómicos e dos sexenios de investigación, cunha dotación global de 10.640.000 euros.
- Contratos-programa, cunha dotación global de 2.429.000 euros.
- Apoio á investigación e desenvolvemento universitario cunha dotación de 5.250.254 euros, contía que xestionará directamente cada unha das universidades en virtude dos parámetros que se adopten.
- Plan Galego de I + D, xestionado pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio. Este tramo competitivo entre universidades nace dotado con 21.001.015 euros.

A taxa de evolución de cada un dos bloques de financiamento será: do 10% en 2006, 13% en cada un dos anos 2007 e 2008, e do 16% en cada un dos exercicios 2009 e 2010.

En caso de que algún dos bloques non se esgotara, poderase transferir a cantidade resultante a outros bloques.

c) Fondo de investimentos

Pártese dunha cantidade de 17.429.352 euros, permanecendo inalterable ese importe ó longo dos restantes exercicios comprendidos no acordo.

d) Fondo de nivelación

Este fondo está destinado á equiparación entre as tres universidades galegas coa finalidade de apoiar a converxencia interna no seo do Sistema Universitario de Galicia.

Vai dirixido ás Universidades de A Coruña e Vigo, e a súa dotación inicial é de 5.000.000 euros.

A evolución do fondo durante a vixencia do presente acordo (2005-2010) sera a taxa de variación dos ingresos non financeiros do orzamento consolidado, excluídos os que corresponden á participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado, máis un punto.

2.- Con independencia das achegas canalizadas a través dos Fondos mencionados, a Comunidade Autónoma proporcionará ás universidades financiamento correspondente ós seguintes conceptos:

a) Achegas do SERGAS para prazas vinculadas. A cantidade correspondente a 2005 é de 4.922.863 euros.

En anos sucesivos eses recursos experimentarán a variación que corresponda ós incrementos retributivos do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

b) Achega para o financiamento do INEF de Galicia, transferido á Universidade da Coruña. Os créditos do ano 2005 son 2.833.399 euros, que evolucionarán en exercicios sucesivos conforme ó establecido no Decreto 444/2003, do 18 de decembro.

ACHEGA A TRAVÉS DE CONVENIOS

Con independencia das achegas recollidas no anterior apartado, formarán parte do financiamento do Sistema Universitario de Galicia, os recursos proporcionados ás universidades galegas a través da firma de convenios coas distintas Consellerías, Entidades e Organismos dependentes da Comunidade Autónoma que, durante o período 2000-2004, representaron un importe anual, medio, de 24.089.000 euros.

Pola súa propia natureza estas achegas non quedarán suxeitas a contía determinada.

Os procesos de asignación destes recursos tenderán a promover a libre concorrencia das tres universidades galegas.

ACHEGAS Ó PLAN DE SANEAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Atendendo ás dificultades financeiras polas que atravesara a Universidade de Santiago de Compostela, que provocaron a necesidade dun plan de saneamento promovido ante a Consellería de Economía e Facenda, pendente de aprobación definitiva polo Consello de Política Fiscal e Financeira, considérase a necesidade de completar as contías que a universidade percibirá con cargo ao plan unha vez que este finalice a súa vixencia.

A tal efecto, en cada un dos anos 2007 e 2008, transferiráselle 1.350.000 € importe que se corresponde coa estimación da achega adicional da Comunidade Autónoma, no ano 2006, dentro do referido plan de saneamento.